

PROVIDENCIA DE ALCALDÍA

INCREMENTO DO IMPORTE DA CONVOCATORIA DAS AXUDAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS, MATERIAL ESCOLAR E ROUPA E MATERIAL DEPORTIVO PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E ENSINO OBRIGATORIO NO CURSO ESCOLAR 2025-26

Expte.: 2025/A011/000001

Obxecto da subvención	Axudas para a adquisición de dispositivos electrónicos, material escolar e roupa e material deportivo. Curso 2025-26		
Importe da convocatoria	Material escolar e roupa e material deportivo:	3.000,00 €	
	Dispositivos electrónicos:	2.000,00 €	
	Total:	5.000,00 €	
Aplicación/s orzamentaria/s	Material escola e roupa e material deportivo:	231.48000	
	Dispositivos electrónicos:	231.78000	
Incremento do importe máximo da convocatoria	Material escolar e roupa e material deportivo:	11.025,00 €	
	Dispositivos electrónicos:	1.567,87 €	
	Total:	12.592,87 €	

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 22/08/2025 aprobáronse as bases reguladoras e a convocatoria das axudas destinadas á adquisición de dispositivos electrónicos, material escolar e roupa e material deportivo para o alumnado de Educación Infantil e ensino obrigatorio (Primaria e Secundaria), no curso escolar 2025-2026.

O 19/12/2025 o órgano instrutor do procedemento destas axudas propuxo a concesión destas axudas:

- MATERIAL ESCOLAR E ROUPA DEPORTIVA: 11.025,00 €
- DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS: 1.567,87 €
- TOTAL: 12.592,87 €

A proposta de concesión é superior en 7.592,87 € ao importe da convocatoria:

FIN DAS AXUDAS	PROPOSTA	CONVOCADO	DESVIACIÓN
MATERIAL	11,025.00	3,000.00	8,025.00
DISPOSITIVOS	1,567.87	2,000.00	-432.13
TOTAL	12,592.87	5,000.00	7,592.87

As bases desas convocatorias establecen que: *Establécese a posibilidade de incrementar o importe máximo desta convocatoria. Este incremento ven condicionado á existencia de crédito dispoñible para a mesma finalidade no Orzamento do 2025, ben como consecuencia dunha modificación*

orxamentaria ou por economías noutras convocatorias de axudas sociais, imputables no mesmo nivel de vinculación xurídica. Para que este importe adicional sexa efectivo, deberá aprobarse por Resolución da Alcaldía, tras as modificacións orxamentarias que procedan, antes da resolución de concesión.

Tras a concesión das axudas para as ANPAs, deuse un sobranse de 7.000 € do importe inicialmente convocado. Por outra parte, tamén rexistrouse unha economía na contía prevista para axudas de emerxencia social. En consecuencia, hai crédito dispoñible no nivel de vinculación xurídica para atender á totalidade de axudas propostas.

En consecuencia, é preciso incrementar o importe da convocatoria por un importe de 7.592,87 €, coa seguinte distribución:

FIN DAS AXUDAS	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE AMPLIADO
MATERIAL	231.48003	11,025.00
DISPOSITIVOS	231.78000	1,567.87
TOTAL		12,592.87

Segundo as bases da convocatoria, o órgano concedente é a Xunta de Goberno Local. É unha competencia delegada da Alcaldía. Dado que este acordo debe adoptarse dentro do exercicio corrente e non é materialmente posible que se adopte por aquel órgano é preciso avocar a competencia.

O 23/12/2025 a Intervención emitiu informe favorable á proposta de incremento da convocatoria nos termos anteriores.

De acordo co artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO

Avocar a competencia para o incremento do importe máximo da convocatoria das axudas destinadas á material escolar e roupa e material deportivo para o alumnado de Educación Infantil e ensino obrigatorio no curso escolar 2025-26, aprobada o 22/08/2025 pola Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO

Incrementar o importe máximo da convocatoria das axudas destinadas á adquisición de dispositivos electrónicos, material escolar e roupa e material deportivo para o alumnado de Educación Infantil e ensino obrigatorio no curso escolar 2025-26, aprobada o 22/08/2025 pola Xunta de Goberno Local, nos seguintes termos:

FIN DAS AXUDAS	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE AMPLIADO
MATERIAL	231.48003	11,025.00
DISPOSITIVOS	231.78000	1,567.87
TOTAL		12,592.87

TERCEIRO

Publicar este acordo no taboleiro de anuncios municipal.

Asinado en Rianxo por medios electrónicos pola Alcaldía do que a Secretaría, para os únicos efectos de fe pública, da fe (RD 128/2018, do 16 de marzo)